



CURSO 2020-2021
CONVOCATORIA XERAL
ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2020-21
CONVOCATORIA CURSO EXTRAORDINARIO DE MODA E CONFECCIÓN
(duración de un ano)

Moda e Confección

"Drapeados e Lenzaría"

Denominación: Drapeados e Lenzaría

Duración: ata o 30 de xuño de 2021 (un só curso)

Horario: martes ou xoves de 16:00 a 21:00 horas

Destinatarios/as: persoas con coñecementos e/ou experiencia previa en patronaxe e costura. Se o número de persoas preinscritas supera o número de prazas ofertadas, realizarase unha proba de acceso específica de selección que demostre o nivel necesario para acceder.

Preinscrición:

- Igual e cos mesmos prazos recollidos na convocatoria xeral do curso 2020-2021 na EMAO.
- Deberá presentar, a maiores, currículo e documentación acreditativa da capacitación alegada en relación co perfil de destinatario indicado. Esta documentación presentarse, antes do remate do prazo de preinscrición, presencialmente na Oficina Administrativa da EMAO e se incorporará, se é o caso, á preinscrición online.
- Non poderán acceder a este curso persoas que se matriculen na EMAO no curso 2020-2021 en calquera das súas especialidades e niveis.

Obxectivo:

Aplicación de coñecementos relativos ao patronaxe, costura e acabados de diferentes materiais textís. Este curso desenvolve e amplía os obxectivos e contidos nesta materia que se inclúen na programación dos cursos ordinarios da especialidade na EMAO.

Contidos e temporalización:

1º Trimestre (60 horas):

- Pezas de punto: (teórico práctico)
 - Estructura e cualidades dos tecidos de punto
 - Patronaxe e corte dos tecidos de punto
 - Identificación, utilidades e manexo da maquinaria especial
 - Deseño, patronaxe e confección dunha peza de punto
- Pezas con pregaduras: (teórico práctico)
 - Cualidades dos tecidos para formar pregaduras
 - Patronaxe de pregaduras
 - Modelaxe de pregaduras sobre maniquí
 - Deseño, patronaxe e confección dunha peza con pregaduras

2º Trimestre (65 horas):

- Lenzaría: (teórico práctico)



- Materiais téxtis en lenzaría
- Patronaxe de corsés e traxes de baño
- Deseño, patronaxe e confección dunha peza de lenzaría
- Chaqueta xastre (práctico)
 - Deseño, patronaxe e confección de chaqueta xastre
 - Teas, forros, entreteas, e guatas
 - Acabados petos e aberturas

3º Trimestre (60 horas):

- A moda no século XX (teórico)
 - Historia dos deseñadores
 - Siluetas e tendencias do S. XX
- A construción de tecidos no tear (teórico-práctico)
 - Tipos de teares artesanais e funcionamento
 - Elaboración de tecidos con diferentes ligamentos
 - Deseño e realización de tecidos

Material:

Material de debuxo, costura e tecidos a aportar polo alumno. Maquinaria, fíos e outros materiais son os xa existentes no obradoiro de Moda e Confección.

Avaliación:

A avaliación farase valorando as pezas realizadas polo alumnado dentro da temática correspondente, a coherencia , o bo asentamento da peza e o acabado. Valorarase con Apto ou Non Apto.